



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



O Acordo do 22 de abril de 1996 regula a posibilidade de concorrer de novo a exame ós alumnos que tendo esgotadas as sete convocatorias no lles resten máis de tres materias para remata-los seus estudos,ou nos supostos de que os planos de estudos se vexan afectados por procedementos de extinción ou modificación.

O citado Acordo o que ven a recoñecer é a posibilidade de concorrer a exame, sendo o obxecto último do Acordo permiti-la conclusión dos estudos sen necesidade de que o alumno se desprace a outra Universidade, suposto que non sempre é posible.

Presentadas dúbidas sobre se o citado Acordo recoñece só unha convocatoria máis ou o dereito a concorrer a exame ós alumnos que se encontren nas circunstancias establecidas polo Acordo estímase conveniente dicta-la seguinte Resolución:

ÚNICO.- Os alumnos que se encontren nalgunha das circunstancias establecidas no apartado primeiro ou segundo do Acordo da Xunta de Goberno do 22 de abril de 1996, poderán concorrer a tantas convocatorias como sexan necesarias para supera-las materias que non tiveran superadas.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 1997.

O RECTOR,



Darío Villanueva Prieto.

EXCMO. SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS, ILMO. SR. SECRETARIO XERAL, SRES./AS DECANOS/AS, SRES./AS DIRECTORES/AS, XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO, SR. DIRECTOR DO C.O.I.E., SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS, SRES./AS XEFES/AS DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.